# CONCRECIÓN CURRICULAR

CEIP SAN MARTIÑO

:

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 30-11-2022

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

| ÍNDICE | PAX |
|---|---|
| a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro | 4 |
| b) A contribución á adquisición das competencias. | 7 |
| c) Os criterios para incorporar elementos transversais | 36 |
| d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía. | 38 |
| e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos. | 41 |
| f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso | 44 |
| g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias | 45 |
| h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocione con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, na etapa de Educación Primaria | 46 |
| i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, na etapa de Educación Primaria | 47 |
| j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación. | 49 |
| k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso. | 52 |
| l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluirán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias | 53 |
| m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas | 57 |
| n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular. | 58 |

## a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL AO CONTEXTO DO CEIP SAN MARTIÑO

Estes obxectivos xerais parten do *Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil* e o *Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*. Serán os obxectivos que debe alcanzar o alumnado ao finalizar a etapa de Educación Infantil, xa que concordan co noso contexto:

A. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
B. Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
C. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
D. Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
E. Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
F. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
G. Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
H. Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
I. Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

# ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA AO CONTEXTO DO CEIP SAN MARTIÑO

Estes obxectivos xerais parten do *Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria* e o *Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*. Serán os obxectivos que debe alcanzar o alumnado ao finalizar a etapa de Educación Primaria xa que concordan co noso contexto:

A. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

B. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

C. Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

D. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

E. Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

F. Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

G. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

H. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

I. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
J. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
K. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
L. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
M. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
N. Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
O. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

**b) A contribución á adquisición das competencias.**

CONSIDERACIÓNS XERAIS

As competencias a desenvolver nas etapas de Educación Infantil e Educación Primaria son as seguintes:

A. Competencia en comunicación lingüística (CCL).
B. Competencia plurilingüe (CP).
C. Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).
D. Competencia dixital (CD).
E. Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
F. Competencia cidadá (CC).
G. Competencia emprendedora (CE).
H. Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

A continuación recollerase a contribución dos diferentes obxectivos das áreas tanto de Educación Infantil como de Educación Primaria ao desenvolvemento das diferentes competencias clave:

EDUCACIÓN INFANTIL

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA COMUNICACION E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE Á ADQUISICIÓN DAS DIFERENTES COMPETENCIAS

| OBX1. Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

| OBX2. Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

| OBX3. Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

| OBX4. Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

| OBX5. Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA CRECEMENTO EN HARMONÍA Á ADQUISICIÓN DAS DIFERENTES COMPETENCIAS

| OBX1. Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

| OBX2. Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

| OBX3. Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

| OBX4. Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto, da diversidade e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNA Á ADQUISICIÓN DAS DIFERENTES COMPETENCIAS

| OBX1. Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxicomatemáticas para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

| OBX2. Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten. | | | | | | | | |

| OBX3. Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sustentable, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

| OBX4. Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA RELIXIÓN CATÓLICA Á ADQUISICIÓN DAS DIFERENTES COMPETENCIAS

| OBX1. Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

| OBX2. Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana. | | | | | | | | |

| OBX3. Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrindo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

| OBX4. Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticos gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrindo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

| OBX5. Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

| OBX6. Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa. | | | | | | | | |

EDUCACIÓN PRIMARIA

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA Á ADQUISICIÓN DAS DIFERENTES COMPETENCIAS

| | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural. | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX2 Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social. | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX3 Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable. | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX4 Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX5 Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX6 Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS Á ADQUISICIÓN DAS DIFERENTES COMPETENCIAS

| OBX1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX2. Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX3. Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e as propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX4. Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta. | | | | | | | | |

| OBX5. Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX6. Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX7. Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, aos dereitos humanos e da infancia e aos principios e valores do Estatuto de autonomía de Galicia, da Constitución española e da Unión Europea, valorando a función do Estado e das súas institucións no mantemento da paz e da seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL Á ADQUISICIÓN DAS DIFERENTES COMPETENCIAS

| OBX1. Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX2. Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX3. Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX4. Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE MÚSICA E DANZA Á ADQUISICIÓN DAS DIFERENTES COMPETENCIAS

| OBX1. Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX2. Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX3. Investigar sobre diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX4. Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX5. Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA Á ADQUISICIÓN DAS DIFERENTES COMPETENCIAS

| OBX1. Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX2. Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX3. Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX4. Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos. | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX5. Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX6. Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX7. Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX8. Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX9. Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX10. Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

# CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA Á ADQUISICIÓN DAS DIFERENTES COMPETENCIAS

| OBX1. Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX2. Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX3. Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX4. Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos. | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX5. Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX6. Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX7. Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX8. Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX9. Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX10. Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS Á ADQUISICIÓN DAS DIFERENTES COMPETENCIAS

| OBX1. Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX2. Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX3. Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX4. Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX5. Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX6. Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE MATEMÁTICAS Á ADQUISICIÓN DAS DIFERENTES COMPETENCIAS

| OBX1. Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX2. Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX3. Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX4. Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX5. Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX6. Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrita, gráfica, multimodal e a terminoloxía matemática apropiada, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX7. Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX8. Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

# CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA Á ADQUISICIÓN DAS DIFERENTES COMPETENCIAS

| OBX1. Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX2. Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX3. Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude empática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa. | | | | | | | | |

| OBX4. Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX5. Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos, de actividades físico-deportivas e de ocio, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE PROXECTO COMPETENCIAL Á ADQUISICIÓN DAS DIFERENTES COMPETENCIAS

| OBX1. Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX2. Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX3. Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA Á ADQUISICIÓN DAS DIFERENTES COMPETENCIAS

| OBX1 Descubrir, identificar e expresar os elementos crave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **1** | 1 | 1 | **1** | **1** | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | **2** | 2 | **2** | 2 |
| | **3** | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | **3** | **3** |
| | 4 | | 4 | **4** | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | **5** | | | |

| OBX2 Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | **1** | **1** | 1 |
| | **2** | 2 | 2 | 2 | 2 | **2** | 2 | 2 |
| | 3 | **3** | 3 | **3** | **3** | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | **4** | | 4 |
| | **5** | | **5** | 5 | 5 | | | |

| OBX3 Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **1** | 1 | 1 | **1** | 1 | 1 | **1** | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | **3** | 3 | **3** | **3** | 3 | **3** |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | **4** | | 4 |
| | **5** | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX4 Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | **1** |
| | 2 | 2 | 2 | **2** | 2 | 2 | 2 | **2** |
| | 3 | **3** | 3 | **3** | 3 | **3** | 3 | 3 |
| | **4** | | 4 | 4 | 4 | 4 | | **4** |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas. | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX5 Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecéndoa nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autocoñecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX6 Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE ÁREA DE EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS Á ADQUISICIÓN DAS DIFERENTES COMPETENCIAS

| OBX1. Deliberar e argumentar sobre problemas de carácter ético referidos a si mesmo e á súa contorna, buscando e analizando información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autocoñecemento e a autonomía moral. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX2. Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, recoñecendo a súa importancia para a vida individual e colectiva e aplicándoos de maneira efectiva e argumentada en distintos contextos, para promover unha convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX3. Comprender as relacións sistémicas entre o individuo, a sociedade e a natureza, a través do coñecemento e da reflexión sobre os problemas ecosociais, para comprometerse activamente con valores e prácticas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas e do planeta. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

| OBX4. Desenvolver a autoestima e a empatía coa contorna, identificando, xestionando e expresando emocións e sentimentos propios, e recoñecendo e valorando os dos outros, para adoptar unha actitude fundada no coidado e no aprecio de si mesmo, dos demais e do resto da natureza. | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| | 4 | | 4 | 4 | 4 | 4 | | 4 |
| | 5 | | 5 | 5 | 5 | | | |

## c) Os criterios para incorporar elementos transversais

ASPECTOS A TER EN CONTA

Os elementos transversais son un conxunto de contidos que non pertencen a unha área en particular, senón que deben estar presentes en todas elas e vinculados á "atmosfera" da vida do centro. A través do traballo dos diferentes elementos transversais lógrase o desenvolvemento integral do alumnado.

CRITERIOS PARA INCORPORAR ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN EDUCACIÓN INFANTIL.

- A través do traballo globalizado por proxectos.
- A través de actividades específicas a nivel de aula e centro.
- A través da participación en diferentes Contratos-programa e outros plans e proxectos.
- A través das diferentes situacións concretas que se produzan ao longo da xornada escolar.

Traballaranse, entre outros, os seguintes elementos transversais na etapa de Educación Infantil (Artigo 16 do Decreto 150/2022):

- A educación do/a consumidor/a (Consumo responsable e sostible).
- A promoción e educación para a saúde.
- A igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e linguaxe non sexista (Autoimaxe positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos).
- O respecto pola diversidade familiar.
- A educación ambiental (Respecto polo contorno e os seres vivos)
- A educación para a convivencia e relación social (Desenvolvemento afectivo, xestión emocional).

CRITERIOS PARA INCORPORAR ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN EDUCACIÓN PRIMARIA

- A través do traballo por proxectos e situacións de aprendizaxe.
- A través de actividades específicas a nivel de aula e centro.
- A través da participación en diferentes Contratos-programa e outros plans e proxectos.
- A través das diferentes situacións concretas que se produzan ao longo da xornada escolar.

Traballaranse, entre outros, os seguintes elementos transversais na etapa de Educación Primaria (Artigo 17 do Decreto 155/2022):

- Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas.
- A igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e linguaxe non sexista (Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas).
- A educación para a paz (prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos).
- A educación do/a consumidor/a (Consumo responsable e sostible).
- A promoción e educación para a saúde.
- A educación afectivo-sexual (evitaranse comportamentos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero).
- A educación emocional.
- A orientación educativa.
- A acción titorial.
- Os valores relacionados coa liberdade, xustiza, o pluralismo político, a pluralidade e o respecto polo Estado e dereito.

**d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.**

O *Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia* e o *Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, recolle as orientacións metodolóxicas para o desenvolvemento do currículo, as cales serán a base da metodoloxía a empregar.

<u>EDUCACIÓN INFANTIL</u>

Na etapa de Educación Infantil teranse en conta unha serie criterios xerais para a intervención educativa como os seguintes:

- Partirase do nivel de desenvolvemento do alumnado, coñecendo as súas características propias e tamén os seus coñecementos previos, para adaptar a ensinanza ao alumnado. (Piaget).
- Pretenderase unha construción significativa da aprendizaxe (Ausubel), intentando que aprendan en relación coa experiencia.
- Potenciarase a actividade por parte dos nenos (Vigotsky), que serán os protagonistas do proceso. Os mestres/as actuarán de guía, de axuda, deixándolles unha marxe de liberdade para que poidan manipular eles a información que reciben, prestando axuda en todo o que necesiten e cando o soliciten.
- Seguirase un enfoque globalizador para a educación de nenos e nenas. Isto permite entender ao alumnado como un todo potenciando o desenvolvemento harmónico: cognitivo, afectivo-social e psicomotor (Decroly).
- Utilizarase o xogo como actividade fundamental que fai posible que os nenos/as coñezan obxectos, persoas e o contorno mediante a manipulación, experimentación...
- Considérase prioritario atender as necesidades básicas do neno e nena (afecto, alimentación, hixiene e descanso), tendo en conta os aspectos afectivos e emocionais e de relación: creando espazos cálidos, e tendo presentes as emocións e os sentimentos.
- Tamén teranse en conta os principios metodolóxicos vinculados co movemento de renovación pedagóxica da Escola Nova (Rousseau, Froebel, Decroly…): actividade, actividade lúdica, individualización, globalización, socialización, interese e pedagoxía do éxito (relacionado coa Zona de Desenvolvemento Próximo de Vigotsky), entre outros moitos.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Na etapa de Educación Primaria teranse en conta unha serie criterios xerais para a intervención educativa como os seguintes:

- Partirase do nivel de desenvolvemento do alumnado, coñecendo as súas características individuais e tamén os seus coñecementos previos, os seus ritmos de aprendizaxe... para adaptar a ensinanza ao alumnado (Piaget), fomentando así unha atención individualizada que atenda á diversidade empregando o DUA.
- Pretenderase unha construción significativa da aprendizaxe (Ausubel), intentando que aprendan en relación coa experiencia. Deseñaranse proxectos significativos para o alumnado tendo en conta a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, tal e como se recolle no artigo 16.4. do Decreto 155/2022.
- Introducirase a aprendizaxe servizo, para fomentar a aprendizaxe activa a través da participación do alumnado nas actividades comunitarias, involucrándose nas necesidades reais da súa contorna e mellorándoa, facendo posible conectar o aprendido na aula cun contexto real.
- Seguiranse os principios de observación e experimentación para a construción das aprendizaxes.
- Porase en práctica o método científico a través de diversas investigacións e traballos, desenvolvendo así unha actitude de rigor e pensamento crítico ante fenómenos que suceden no seu contorno máis próximo.
- Seguirase un enfoque globalizador organizando os coñecementos e aprendizaxes segundo os intereses do alumnado, deseñando actividades que se relacionen coa realidade e unidas por un nexo común. (Decroly).
- A vivencia, manipulación, representación e abstracción deberán ser procesos presentes en calquera situación de aprendizaxe. Intentarase formular preguntas, solucionar retos, lograr unha construción, representar vivencias, resolver problemas...
- A aprendizaxe cooperativa será a base de moitas propostas de actividades, onde o alumnado deberá coordinarse entre si, para conseguir resultados beneficiosos para todos/as os/as membros do grupo.

En definitiva, tendo en conta todos os enfoques, tipos de aprendizaxes anteriores... perséguese unha aprendizaxe competencial, no cal o coñecemento adquirido polo alumnado se traslade á realidade, empregándoo nas diferentes situacións de forma resolutiva.

EN AMBAS ETAPAS

Diariamente, no CEIP San Martiño, dedicaranse 20 minutos comprendidos entre as 12:30h e as 12:50h, á lectura e práctica da oratoria nas diferentes áreas tanto en Educación Infantil (adaptada ás súas características) e Primaria, tal e como se recolle no artigo 16.5 do Decreto 155/2022 de Educación Primaria.

**e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.**

CRITERIOS XERAIS EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.

Para a selección dos materiais e recursos didácticos hai que ter en conta unha serie de criterios:

- Que resulten interesantes e motivadores para o alumnado.
- Que sirvan de apoio para a consecución dos obxectivos.
- Que sexan respectuosos coa diversidade.
- Que sexan accesibles.
- Que cumpran os requisitos de seguridade, manexabilidade e limpeza.

RECURSOS ESPACIAIS.

O alumnado e profesorado do CEIP San Martiño poderá empregar todas as aulas e espazos comúns para o desenvolvemento do currículo, segundo a dispoñibilidade e características das actividades.

Algunhas das aulas e espazos dispoñibles son: biblioteca, aula de informática e polos creativos, comedor/sala de usos múltiples, ximnasio, aula de música, corredores, patio, zona verde, horta...

RECURSOS MATERIAIS.

Existirá no centro material de xogo, de linguaxe, de educación sensorial, de matemáticas, para a educación artística, de robótica, informático, audiovisual, para fomentar a creatividade, para a psicomotricidade, para o recreo...

RECURSOS DIDÁCTICOS.

Entre os recursos didácticos, destacamos todos os libros de consulta dispoñibles na biblioteca de centro e nas bibliotecas de aula, así como os libros de texto que se recollen a continuación.

LIBROS DE TEXTO A EMPREGAR EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA NO CURSO ESCOLAR 2022/2023

| Curso | Materia | Título libro | Editorial | Idioma | Edixgal | ISBN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 4º EI | Lingua Estranxeira: Inglés | Archie´s world start play & learn pk | OXFORD | Castelán | Non | 9780194900027 |
| 5º EI | Lingua Estranxeira: Inglés | Archie´s world A play & learn pk | OXFORD | Castelán | Non | 9780194900621 |
| 1º EP | Matemáticas | Revuela (06-2022) | SM | Castelán | Non | 9788419098146 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º EP | Ciencias Sociais | Ciencias Sociais 1 (06-2022) | Vicens Vives | Galego | Non | 9788468285429 |
| 1º EP | Ciencias da Natureza | Ciencias da Natureza 1 (06-2022) | Vicens Vives | Galego | Non | 9788468264349 |
| 1º EP | Lingua Estranxeira: Inglés | All about us now 1 Class Book with digital book | OXFORD | Castelán | Non | 9780194074223 |
| 2º EP | Matemáticas | Matemáticas 2 MÁS SAVIA | SM | Castelán | Non | 9788491077671 |
| 2º EP | Ciencias Sociais | Ciencias Sociais 2 Proxecto Zoom | Vicens Vives | Galego | Non | 9788468256009 |
| 2º EP | Ciencias da Natureza | Ciencias da Natureza 2 Proxecto Zoom | Vicens Vives | Galego | Non | 9788468255996 |
| 2º EP | Lingua Estranxeira: Inglés | Amazing Rooftops 2 Class Book | OXFORD | Castelán | Non | 9780194167413 |
| 3º EP | Matemáticas | Matemáticas 3. Comunidad Zoom (06-2022) | Vicens Vives | Castelán | Non | 9788468282831 |
| 3º EP | Ciencias Sociais | Ciencias Sociais 3 Comunidade Zoom (06-2022) | Vicens Vives | Galego | Non | 9788468285375 |
| 3º EP | Ciencias da Natureza | Ciencias da Natureza 3 Comunidade Zoom (06-2022) | Vicens Vives | Galego | Non | 9788468285337 |
| 3º EP | Lingua Galega e Literatura | Lingua 3 (06-2022) | Anaya | Galego | Non | 9788469899489 |
| 3º EP | Lingua Castelá e Literatura | Lengua 3 (06-2022) | Anaya | Castelán | Non | 9788469899151 |
| 3º EP | Lingua Estranxeira: Inglés | All About Us Now 3 Class Book with Digital Book (06-2022) | OXFORD | Castelán | Non | 9780194074650 |
| 3º EP | Lingua Estranxeira: Inglés | All About Us Now 3 Activity Book+ ALK with Digital Book (Funxible. Non entra no fondo libros) (06-2022) | OXFORD | Castelán | Non | 9780194073844 |
| 4º EP | Matemáticas | MATEMÁTICAS Superpixépolis Por trimestres | Edelvives | Castelán | Non | 9788426396181 |
| 4º EP | Ciencias Sociais | Sociais 4 | Vicens Vives | Galego | Non | 9788468228983 |
| 4º EP | Ciencias da Natureza | Naturais 4 | Vicens Vives | Galego | Non | 9788468228433 |
| 4º EP | Lingua Galega e Literatura | Lingua 4 | Anaya | Galego | Non | 9788467880137 |
| 4º EP | Lingua Castelá e Literatura | Lengua 4 | Anaya | Castelán | Non | 9788467878899 |
| 4º EP | Valores | Valores Sociais e Cívicos | SM | Galego | Non | 9788498545340 |
| 4º EP | Lingua Estranxeira: Inglés | AMAZING ROOFTOPS 4 Class Book | OXFORD | Castelán | Non | 9780194167949 |
| 4º EP | Lingua Estranxeira: Inglés | AMAZING ROOFTOPS 4 Activity Book (Funxible. Non entra no fondo libros) | OXFORD | Castelán | Non | 9780194167918 |
| 5º EP | Lingua Estranxeira: Inglés | All About Us Now 5 Activity Book+ ALK with Digital Book (Funxible. Non entra no fondo libros) | OXFORD | Castelán | Si | 9780194073967 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 6º EP | Lingua Estranxeira: Inglés | AMAZING ROOFTOPS 6 Activity Book Digital (Funxible. Non entra no fondo libros) | OXFORD | Castelán | Si | 9780194168427 |

## f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

A oferta educativa do CEIP San Martiño acóllese ao recollido nos diferentes decretos de currículo tanto de Educación Infantil (*Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*) como de Educación Primaria ( *Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*).

EDUCACIÓN INFANTIL

En canto á optatividade de materias, en Educación Infantil, as familias poden elixir en matricular ao alumnado en Relixión ou Atención Educativa.

EDUCACIÓN PRIMARIA

En canto á optatividade de materias, en Educación Primaria, as familias poden elixir en matricular ao alumnado en Relixión ou en Proxecto Competencial.

PROCEDEMENTO

No caso de nova matrícula de alumnado procedente doutros centros ou aqueles que inician a súa escolarización, os pais, as nais ou titores/titoras legais deberán solicitar no período de formalización da matrícula que materia queren que o/a seu/súa fillo/a reciban.

Así mesmo, ao inicio de cada curso escolar, as nais, os pais ou as persoas titoras legais poderán manifestar a súa vontade de que as súas fillas/os ou as persoas que tutelen reciban ou non a ensinanza de relixión (Disposición adicional segunda do *Decreto 155/2022*).

Esta decisión poderá adoptarse e comunicarse á secretaría do centro cada curso escolar entre o 1 ao 15 de setembro.

## g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As actividades complementarias estarán coordinadas pola Xefa do Equipo de Actividades Complementarias e extraescolares, en colaboración estreita co resto de profesorado que participe nas mesmas e do Equipo Directivo.

CRITERIOS PARA O DESEÑO E SELECCIÓN

As actividades deseñaranse e seleccionaranse tendo en conta o seguinte:

1. Actividades relacionadas cos diferentes proxectos de centro a desenvolver cada curso escolar.
2. Actividades relacionadas coas diferentes conmemoracións recollidas no calendario escolar e/ou outras destacadas.
3. Actividades que, polas súas características singulares, sexan de interese para o profesorado e alumnado e o seu desenvolvemento curricular.
4. Actividades que permitan ao alumnado coñecer a contorna próxima onde vive.
5. Actividades que permitan ao alumnado dos diferentes cursos convivir, respectarse e colaborar entre si.

As actividades complementarias poderán ser deseñadas polo profesorado do centro ou por outras institucións públicas ou privadas.

TIPOS DE ACTIVIDADES

- Saídas á contorna.
- Actividades en colaboración con asociacións próximas.
- Actividades para coñecer os servizos próximos: mercado, museo, rúas, policía, bombeiros...
- Actividades relacionadas coa tradición e lingua galega: magosto, samaín, Día de Rosalía....
- Actividades de promoción da lectura: contacontos, encontros literarios...
- Actividades relacionadas coa mellora da convivencia: Plan Director, Día internacional contra a violencia de xénero...

**h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocione con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, na etapa de Educación Primaria**

REFERENTES LEXISLATIVOS

Artigo 22.2. do *Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*.

CONSIDERACIÓNS XERAIS.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO CON MATERIAS SUSPENSAS.

Nos plans específicos de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocione con materias suspensas deberá aparecer á seguinte información, que estará recollida no documento elaborado para tal fin:

- Datos do alumnado, así como datos de escolarización anteriores significativos.
- Materias nas que se precisa o reforzo coa data de inicio, data prevista final e a frecuencia coa que se realiza o reforzo.
- O profesorado implicado no reforzo.
- Os contidos do reforzo educativo.
- As tarefas e/ou actividades levadas a cabo.
- Os instrumentos de avaliación empregados.
- Os materiais e recursos utilizados.
- A metodoloxía.
- Os aspectos a incidir coa familia/observacións.

Levarase un control e seguimento do reforzo a través dun rexistro no que se recollerá a data, hora, a materia e os contidos traballados, que será cuberto pola persoa que faga o reforzo ou interveña nel.

**i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, na etapa de Educación Primaria**

REFERENTES LEXISLATIVOS

Artigo 22.3. do *Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*.

CONSIDERACIÓNS XERAIS.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar e o grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO PARA ALUMNADO REPETIDOR.

Nos plans específicos de reforzo ou de recuperación para o alumnado que permaneza un ano mais no mesmo curso deberá aparecer á seguinte información, que estará recollida no documento elaborado para tal fin:

- Datos do alumnado, así como datos de escolarización anteriores significativos.
- Os resultados académicos do curso anterior (3 trimestres e avaliación final) de todas as áreas e das competencias clave, así como se se tomou algunha medida de atención.
- Os aspectos relevantes que favorecen ou dificultan a aprendizaxe (a través dunha rúbrica).
- As actuacións e medidas de atención á diversidade no curso actual, recollendo os ámbitos a reforzar, as medidas ordinarias, as medidas extraordinarias, as actuacións do Departamento de Orientación, outras medidas fóra do horario lectivo e os aspectos á incidir coa familia.
- O profesorado que participa no plan de recuperación (facéndose cargo da elaboración da súa área).
- As actuacións no ámbito curricular das áreas con cualificación negativa (Aspectos fortes do alumno/a sobre os que apoiar a intervención, aspectos a reforzar, metodoloxía, materiais de apoio e avaliación).
- Actuacións no ámbito curricular das áreas con cualificación positiva (Aspectos fortes do alumno/a sobre os que apoiar a intervención, aspectos a reforzar, metodoloxía, materiais de apoio e avaliación).

En cada sesión de avaliación farase un seguimento do plan específico e realizaranse os axustes que procedan.

**j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación.**

CRITERIOS PARA O TRATAMENTO DE ÁREAS PENDENTES

REFERENTES LEXISLATIVOS:

*ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bachiller no sistema educativo de Galicia.*

O alumnado que promocione de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá apoios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior. Estas medidas son as seguintes:

- Elaboración dun plan de reforzo na área suspensa por parte do mestre/a que avaliou a ese alumnado (elaboración do documento no mes de xuño e información á familia).
- Reforzo educativo do/a mestre/a titor/a ou de área.
- Apoio de mestres/as con dispoñibilidade horaria.
- Outras medidas: valoraranse en función das necesidades do alumnado en colaboración co Departamento de Orientación e terase en conta o establecido no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO

REFERENTES LEXISLATIVOS:

*ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bachiller no sistema educativo de Galicia.*

*ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

**PROMOCIÓN OBLIGATORIA:**

Nos cursos 1º, 3º e 5º de Educación Primaria a promoción será automática.

Cando un/unha alumno/a teña algunha cualificación negativa, por non acadar os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, elaborarase un plan de reforzo e estableceranse os apoios oportunos para recuperar as aprendizaxes non adquiridas.

**NON PROMOCIÓN:**

O alumnado de 2º, 4º e 6º de Educación Primaria poderá non promocionar ao curso seguinte. Polo tanto, o alumnado que non acade a promoción, permanecerá un ano mais no mesmo curso, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal.

Esta medida de non promoción terá en conta o seguinte:

- Só poderá tomarse unha vez durante toda a etapa de Educación Primaria.
- Informarase á familia, ao remate da segunda avaliación, da posible permanencia dun ano máis en 2º, 4º ou 6º de Educación Primaria.
- A decisión tomarase de forma colexiada (en sesión de avaliación final) e tendo en consideración o equipo docente do grupo, e especialmente a información e o criterio aportado polo/a mestre/a titor/a.
- A non promoción farase efectiva cando o alumnado non alcance os criterios de promoción que se recollen a continuación.

**CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN 2º, 4º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA:**

CRITERIOS XERAIS

Para promocionar nos cursos de 2º, 4º e 6º de Educación Primaria teranse en conta os seguintes criterios:

- Superar os mínimos esixibles recollidos nas programacións docentes que se basean nos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe nos que se valorará o grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa.
- Para o alumnado con Adaptación Curricular, teranse en conta os criterios de avaliación da adaptación para a promoción de curso/etapa.

CRITERIOS ESPECÍFICOS

O persoal docente do CEIP San Martiño valorará que o alumnado teña unha progresión axeitada nos obxectivos de etapa e nas competencias clave, en especial ao grado de adquisición da competencia lingüística e competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

- Para a superación da competencia lingüística e competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía teranse en conta os estándares prioritarios que conforman

os perfís competenciais e que fan referencia a todas as áreas do currículo. Estes atoparanse recollidos e concretados nas programacións didácticas dos diferentes niveis.

**k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso.**

REFERENTES LEXISLATIVOS:

*ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (Artigo 5.4 e 5.5)*

CRITERIOS XERAIS

Os criterios xerais de outorgamento de mencións honoríficas ao finalizar 6º de Educación Primaria son os seguintes:

Artigo 5.4.: Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.

CRITERIOS ESPECÍFICOS

Os criterios específicos que se establecen no CEIP San Martiño para outorgar ditas mencións recóllense a continuación:

- Non existe un número limitado de mencións honoríficas.
- A nota media do expediente en toda a etapa de Educación Primaria terá que ser igual ou superior ao 9,00.
- Durante o último curso académico o alumnado deberá ter un rendemento académico excelente que se concretará a través do seguinte:
- Ter unha cualificación de sobresaliente en 4 das 7 competencias clave.
- Demostrar habilidades sociais cos integrantes da Comunidade Educativa.
- Participar de forma voluntaria nas actividades propostas polo/a titor/a.

NOTA.- Ao finalizar 5º de Educación Primaria, revisarase o expediente de cada alumno/a para comprobar se ten posibilidade de conseguir unha mención honorífica ao finalizar a etapa (nota media igual ou superior a 9). Todo o alumnado que cumpra o requisito, será informado ao comezo de 6º de Educación Primaria de dita posibilidade. Co alumnado que poida optar á mención, empregaranse listas de cotexo para a valoración dos últimos dous ítems (Habilidades sociais e participación nas actividades), nos cales deben acadar unha nota superior ou igual a 8.

**l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluirán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias**

CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS DE EDUCACIÓN INFANTIL

As programacións didácticas de Educación Infantil elaboraranse na aplicación PROENS e terán, como mínimo, os seguintes apartados (*Artigo 14 do Decreto 150/2022*).

a) Introdución.

b) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.

d) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.
- Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.
- Criterios de valoración do desenvolvemento e dos aprendizaxes do alumnado.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso da ensinanza e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

As programacións didácticas de Educación Primaria elaboraranse na aplicación PROENS e terán, como mínimo, os seguintes apartados (*Artigo 15 do Decreto 155/2022*)

a) Introdución.

b) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.

d) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.
- Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.
- Criterios de cualificación con indicación do grado mínimo de consecución para a superación da área, e criterios de recuperación.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso da ensinanza e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

ENTREGA/VALIDACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS.

As programacións entregaranse/ validaranse para a revisión por parte da Xefatura de estudos/Equipo Directivo, 10 días antes do prazo final de entrega ao servizo de Inspección Educativa.

CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS

Os criterios xerais para a avaliación das programacións didácticas estarán recollidos na aplicación PROENS, así como na memoria final de cada curso escolar a través dunha táboa de autoavaliación con diferentes indicadores de logro, nos cales se deberá seleccionar o grado de cumprimento entre o 1 e o 4 baixo a seguinte lenda:

**1- Poucas veces, 2 Frecuentemente, 3- Case Sempre, 4- Sempre.**

Algúns dos ítems poden ser os seguintes:

- Adecuación da secuenciación e da temporalización das UD/proxectos
- Adecuación da secuenciación dos criterios de avaliación e competencias para cada unha das UD ou proxectos
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados
- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
- Adecuación dos diferentes instrumentos empregados para a avaliación de cada estándar.
- Asignación a cada criterio de avaliación do peso correspondente na cualificación.
- Adecuación da metodoloxía.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos criterios de avaliación.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE
- Adecuación das actividades complementarias e extraescolares previstas
- Adecuación dos mecanismos para informar ás familias.
- Utilizo recursos didácticos variados para a presentación de contidos e para a práctica dos alumnos/as.
- Organizo o espazo físico da aula en función das actividades a realizar.
- Distribúo o tempo axeitadamente.
- Adopto distintos tipos de agrupamento en función da tarefa a realizar
- Reviso e actualizo a programación coas melloras introducidas durante o curso.
- As actividades propostas están equilibradas entre individuais e grupais.
- Manteño o interese do alumnado.

- Planifico situacións introdutorias previas ao tema.
- Aproveito o interese dos alumnos por un tema determinado para utilizalo como centro de interese.
- Comunico a finalidade, importancia e aplicación na vida real das aprendizaxes.
- Dou información dos progresos e das dificultades atopadas.
- Obsérvanse as actividades dos/as alumnos/as.
- Analízanse traballos realizados de xeito individual e en grupo.
- Son accesible ás familias.

MODELOS DE PROGRAMACIÓN E RESUMO PARA ALUMNADO E FAMILIAS

O alumnado e familias terá acceso, ás diferentes programacións do profesorado do centro educativo elaboradas a través da aplicación PROENS para a etapa de Educación Infantil, 1º-3º e 5º de Educación Primaria, así como as elaboradas de forma tradicional nos cursos de 2º-4º e 6º de Educación Primaria.

## m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN DIFERENTES PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS.

Os criterios de participación do centro en diferentes proxectos son os seguintes:

- Que sexan acordes ao quefacer do centro.
- Que repercutan positivamente na calidade do ensino e nas competencias do alumnado.
- Que mais do 50% do claustro este de acordo na súa participación.
- Que doten ao centro educativo de recursos económicos e materiais para poder desenvolvelos.

PROXECTOS DE INNOVACIÓN E CALIDADE EDUCATIVA NOS QUE PARTICIPA O CENTRO.

- Plambe. Data implantación: 2005-2006
- Robótica Educativa. Data implantación: 2017-2018
- Club de Ciencia. Data implantación: 2018-2019
- Edixgal. Data implantación: 2020-2021
- Digicraft. Data implantación: 2020-2021
- Contratos Programa Inclúe, modalidade Iguála-T. Data implantación: 2021-2022
- Radio na Biblio. Data implantación: 2021-2022
- Polos Creativos. Data implantación: 2022-2023
- Contratos Programa Innova, modalidade Edusostibilidade. Data implantación: 2022-2023
- Plan Proxecta: Antonio Fraguas Fraguas. Data implantación: 2022-2023

PROXECTOS DE INNOVACIÓN E CALIDADE EDUCATIVA NOS QUE PARTICIPOU O CENTRO.

- Plan Proxecta: Prográmame. (Curso 2016-17)
- Plan Proxecta: Plan de Vida Activa. (Curso 2021-22)

**n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.**

REVISIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR

A revisión e modificación da concreción curricular realizarase en dous momentos diferentes, segundo as seguintes circunstancias:

1. A concreción curricular revisarase cada curso académico no proceso de elaboración da Programación Xeral Anual, momento no cal se realizarán as modificacións oportunas (se se dese o caso).
2. A concreción curricular revisarase e modificarase cando se publiquen diferentes textos lexislativos que recollan a necesidade de revisión e cambio da concreción curricular.

AVALIACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR

A avaliación é un proceso de seguimento que debe servir para analizar a consecución de todo proceso e neste caso do proceso de posta en práctica da Concreción Curricular.

Esta avaliación realizarase ao finalizar o curso académico e tendo en conta o seguinte:

- Realizarase unha avaliación final, ao final de cada curso escolar dos diferentes apartados da concreción curricular para ver se se cumpriu o que neste documento se recolle.
- Recollerase na memoria final de centro o grado de consecución dos diferentes apartados e será o momento perfecto para valorar posibles modificacións para o curso seguinte, segundo as dificultades atopadas.

PUBLICIDADE

Procedemento de publicidade da modificación da concreción curricular:

- Data publicidade na páxina web do centro: 01-12-2022